

**Categoría:** xuvenil.

**Pseudónimo:** Antares.

## A praia dos meus recordos

Esa mañá levanteime cedo, cunha enerxía inusitada, e apurei para descorrer as cortinas e abrir ambas fiestras da habitación. Unha brisa fresca deume os bos días acompañada das primeiras raiolas do día, dun fermoso amarelo que levaba tempo agardando. Sorrín.

Baixei as escaleiras correndo, procurando non tropezar, ata chegar á planta baixa. O silencio inundaba a casa, todos durmían, pero eu non tiña tempo de espertalos. Almorcei o primeiro que atopei e vestínme veloz, co distante recordo dun altivo carballo en mente. Non podía esperar.

Amarrei o cabelo cunha trenza e saín ao xardín; o sol aínda non tivera tempo de quecelo. Pousada na vella mesa de madeira atopei a correa de Neo. Tardei un pouco en atreverme a collela, había anos que non tiña a oportunidade, e amarreina ao colar do can. Ao mellor foi pola súa mirada, ou polos seus movementos, pero souben que desexaba tanto coma min emprender aquela viaxe.

Abrín a cancela e botei unha ollada atrás; pasaran xa uns longos catro anos dende que me espertara por última vez naquela casa. Acariciei o lombo de Neo e deixei arrastrar por el rúa abaixo. Botara de menos aquela tranquilidade, o son do vento entre as follas e o do galo ó amencer. A aldea aínda durmía, pero o seu encanto perduraba día e noite.

A cidade era distinta, outro ritmo, outra vida. Ás veces facíate esquecer a natureza; que antes dos edificios, dos coches e dos móbiles o mundo tamén xiraba. Durante catro anos atrapárame, sen deixarme gozar plenamente da

liberdade da aldea; pero un día recordei un río, un carballo, unhas rochas e despois as ondas rozando a area e risos, alegres risos.

Algo en min necesitou vivilo de novo.

E por iso, aquela mañá, me levantei tan cedo e corrín con Neo pola calzada ata chegar ás vías. A emoción crecía en min a cada paso que daba. Neo corría comigo, libre e veloz, e eu ao seu lado sentíame igual. Recordei con máis detalle a praia do río Ulla que poboaba os meus pensamentos, as árbores que bordeaban o río, en especial aquel carballo que sempre me protexía do sol e xunto ao que tantas veces me durmira. Tamén pensei naqueles pescadores que ás veces me cedían o seu tempo e xogaban comigo a buscar cangrexos...

Crucei as vías, atenta a que ningún tren viñese. O meu corazón latía con forza porque tan só quedaban uns metros para chegar ao meu destino. Vin o cartel que anunciaba a chegada á praia e soltei a correa. Neo saíu disparado e eu fun tras el, sorrindo.

Freei un pouco para ver a cafetería da praia. Estaba pechada, evidentemente aínda era demasiado cedo, pero estrañoume un pouco o seu aspecto descoidado. Supuxen que, sendo os primeiros días do verán, aínda non tiveran tempo de preparalo todo. O seguinte que chamou a miña atención foi a vexetación que había xusto antes de chegar á praia. Carballos, castiñeiros e arbustos, era coma se gritasen para que alguén lles prestase atención; un alguén que non ía chegar, posto que o lugar parecía deserto.

Non era por ser moi cedo, non era por ser principios de verán, había algo naquela praia que non encaixaba. Entón vin a Neo quieto xunto a area.

—Neo, que pasa?

Fun ata el e dende alí apreciei toda a paisaxe do lugar. Sentín que algo en min se rompía ao ver as escuras augas do río, o lixo que descansaba sobre a area e o cartel que prohibía tanto a pesca coma o baño. Sei que unha bágoa se deslizou pola miña meixela ao observar aquelas rocas sobre as que probablemente nunca máis volvería ver aos pescadores.

Senteime no chan e encollínme entre os xeonllos. ¿E que esperaba? ¿Que despois de catro anos todo seguise igual? Se o tempo pasara para min, tamén o faría para o resto. Entristecinme ao pensar que os pescadores cos que xogara, os rapaces que coñecera e os amigos que fixera talvez me esqueceran; e eu nin sequera sabía o que fora das súas vidas. Que estúpida fora ao crer que podería revivir aqueles fermosos días.

Ou non.

Querer que algo alegre se repetira non era estúpido, o estúpido era aquela situación. ¿Por que estaban o río e a praia naquelas condicións? ¿Como podía cambiar a paisaxe daquela maneira en catro anos? Levanteime e observei a sombría vexetación, entre todas aquelas árbores vin a miña preferida. Achegueime a aquel forte carballo, posiblemente o único en toda esa escena que permanecía tal e como o recordaba.

Toquei con morriña a rugosa superficie do seu tronco e sentín a Neo xunto as miñas pernas. Ao velo, alegre, ignorante das miñas penas, ao ver de novo a beleza daquel carballo, abrín os ollos con decisión. Senteime apoiada contra a árbore e pasei os dedos sobre a pelaxe do can.

—Sabes, Neo? Estou segura de que se polo menos unha árbore foi capaz de sobrevivir á contaminación do seu entorno, o resto tamén poden

facelo –mirei cara arriba, cara ás pólas do carballo–. Aínda estamos a tempo de actuar, aínda non é tarde...

E co leve son das ondas e do vento, coa calor crecente a medida que os minutos pasaban, quedei durmida coma había catro anos, coma se todo fose o mesmo. Pero sabía que ao espertar un novo obxectivo guiaría os meus pasos; salvar aquela praia dos meus recordos, salvar as árbores e as augas, con todos os seus animais.

Aquela praia non era a única que merecía ser salvada, sabíao; pero ao final todo se resumía ao mesmo: non era tarde para actuar, así que, simplemente, había que facelo.